



DATOS IDENTIFICATIVOS

Tradución idioma 2, III: Inglés-Español

Materia	Tradución idioma 2, III: Inglés-Español			
Código	V01G230V01610			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego Inglés			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Fernández Pintelos, María José			
Profesorado	Fernández Pintelos, María José			
Correo-e	mjpintelos@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia é continuación de Tradución idioma 2,I inglés-español e Tradución idioma 2,II inglés-español e concíbese como un espazo didáctico no que afianzar os obxectivos alcanzados nesas materias. O alumnado porá tamén en práctica a competencia para detectar e resolver problemas de tradución, deseñar estratexias xerais de tradución para o transvasamento de textos completos de diferentes variedades de uso, realizar de forma apropiada o proceso de tradución nesta combinación lingüística e defender o seu traballo. Dáse por suposto que o alumno posúe bos coñecementos das linguas e culturas de traballo.			

Competencias

Código	
C4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
C8	Destreza para a procura de información/documentación
C17	Capacidade de tomar decisións
C18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
C22	Destrezas de tradución
C27	Capacidade de razoamento crítico
D4	Resolución de problemas
D7	Toma de decisións
D14	Motivación pola calidade
D22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
O alumno será capaz de analizar o xénero e rexistro do TO e o encargo de tradución e deseñará unha estratexia de tradución apropiada.	C17 C18 C22 C27	D4 D7 D22
O alumno detectará problemas de tradución e resolveraos escollendo, de entre as distintas posibilidades, a máis apropiada ao encargo e á estratexia xeral de transvase deseñada.	C4 C8 C17 C18 C22 C27	D4 D7 D14 D22
O alumno coñecerá, será crítico e manexará as fontes documentais para a tradución inglés-español.	C4 C8	D7

O alumnado será capaz de realizar de forma axeitada o proceso de tradución de textos ingleses de C4 D7
 xéneros e variedades de uso diferentes e será quen de defender o seu traballo. C8 D14
 C17
 C18
 C22
 C27

Contidos

Tema	
1. Contextos culturais (III): textos culturalmente marcados	1.1. Textos xornalísticos 1.2. Textos literarios 1.3. Discurso audiovisual
2. Introducción á tradución de textos semiespecializados	2.1. Textos científicos e técnicos 2.2. Textos xurídicos, económicos e administrativos
3. Control de calidade (III)	3.1. Xestión de proxectos 3.2. Revisión e crítica de traducións

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballos de aula	44	0	44
Estudo previo	0	6	6
Resolución de problemas de forma autónoma	0	24	24
Debate	4	0	4
Actividades introdutorias	2	0	2
Traballo	0	30	30
Presentación	2	4	6
Cartafol/dossier	0	2	2
Proxecto	0	30	30
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Traballos de aula	Os traballos de aula son exercicios guiados de diversa natureza, individuais ou en grupo, que fomentarán a aprendizaxe autónoma do alumnado e que se levarán a cabo na aula.
Estudo previo	Los alumnos deberán asimilar os contidos teóricos da materia para seguir o curso e preparar a proba en aula.
Resolución de problemas de forma autónoma	Os puntos teóricos explicados nas clases aplicaranse á práctica a través de actividades e problemas que o alumnado realizará na casa.
Debate	Haberá ocasión de discutir e criticar estratexias de tradución e resultados, ferramentas e fontes de documentación.
Actividades introdutorias	Durante a primeira sesión explicaranse os obxectivos da materia, o temario, a planificación docente e o sistema de avaliación.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos de aula	A profesora estará a disposición do alumnado tanto na aula como fóra dela por medio de titorías personalizadas.
Debate	A profesora estará a disposición do alumnado tanto na aula como fóra dela por medio de titorías personalizadas.
Probas	Descrición
Traballo	A profesora estará a disposición do alumnado tanto na aula como fóra dela por medio de titorías personalizadas.
Presentación	A profesora estará a disposición do alumnado tanto na aula como fóra dela por medio de titorías personalizadas.
Proxecto	A profesora estará a disposición do alumnado tanto na aula como fóra dela por medio de titorías personalizadas.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Traballo	Haberá unha encomenda de tradución que se deberá entregar na semana 12 e cuxos parámetros quedarán especificados en Faitic.	40	C4 D4 C8 D7 C17 D14 C18 D22 C22 C27
Presentación	O alumnado presentará o seu proxecto na clase, diante dos compañeiros e da profesora.	10	
Cartafol/dossier	O alumnado deberá subir o traballo de aula a Faitic seguindo as indicacións da profesora. Este cartafol de aula será obrigatorio para a avaliación continua considerándose para axustar a nota final e resolver as asignacións de Matrícula de Honra en caso pertinente.	0	
Proxecto	O alumnado realizará un proxecto que se entregará na semana 16	30	
Exame de preguntas de desenvolvemento	Realizarase unha proba en aula que incluírá preguntas sobre os contidos vistos ata o momento e a(s) lectura(s) obrigatoria(s) (que indicará a profesora ao comezo do cuadrimestre e quedará(n) reflectida(s) en Faitic). Esta proba terá lugar na semana 13.	20	

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado pode acollerse ao sistema de avaliación continua ou ao sistema de avaliación única. De preferir o sistema de avaliación única, o alumnado deberá indicalo por escrito á docente nas dúas primeiras semanas de curso. En caso contrario, a avaliación realizarase seguindo os parámetros e requirimentos de avaliación continua, arriba indicados. O feito de non indicar a intención de someterse á avaliación única significa que o alumnado non poderá ser cualificado con Non presentado por avaliación continua.

Avaliación continua

O alumnado deberá seguir os requirimentos arriba indicados.

Avaliación única

Haberá un exame único na data marcada no calendario de exames da FFT que abranguerá todos os contidos da materia, tanto teóricos como prácticos (o alumno terá que aprobar cada unha das partes para aprobar a materia).

Segunda edición de actas

Haberá un exame único na data marcada no calendario de exames da FFT que abranguerá todos os contidos da materia, tanto teóricos como prácticos (o alumno terá que aprobar cada unha das partes para aprobar a materia).

Outros comentarios

Presencialidade Enténdese que o alumnado que se acolle ó sistema de avaliación continua ten que poder asistir ás clases de forma regular. O alumnado que desexe cursar a materia en réxime de avaliación continua pero por razóns xustificadas non poida asistir ás clases presenciais deberá comunicarlle estas circunstancias á docente, para buscar as alternativas correspondentes.

Plaxio

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un cero nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

Corrección lingüística A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

Teledocencia

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma FAITIC e de estar ó tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.

Alumnado erasmus

Necesítase un nivel B2 de lingua A español.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Gonzalo García, C. e García Yebra, V. (eds.), **Manual de documentación y terminología para la traducción especializada.**, Arco, 2004

Gonzalo García, C. & V. García Yebra, **Manual de Documentación para la traducción literaria.**, Arco, 2005

Guerra Guerrero, M.J., **Técnicas específicas de la traducción periodística**, *Quaderns 13, 125-139.*, 2006

Hervey, S. et al., **Manual de traducción, Inglés/ Castellano.**, Routledge, 2000

Nord, C., **Text Analysis in Translation**, Rodopi, 2005

Venuti, L., **The Translator's Invisibility**, Routledge, 2014

Toury, G., **Descriptive Translation Studies and Beyond.**, Rodopi, 2014

Bibliografía Complementaria

Baker, M., **A Course on Translation.**, Routledge, 2014

Mossop, B., **Revising and Editing for Translators**, St. Jerome, 2014

Mamkjaer, K. & K. Windle (Eds.), **The Oxford Handbook of Translation Studies.**, OUP, 2011

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Tradución idioma 2, I: Inglés-Español/V01G230V01410

Tradución idioma 2, II: Inglés-Español/V01G230V01507

Outros comentarios

A planificación poderá modificarse para axustarse á heteroxeneidade do alumnado.

A bibliografía ampliarase no decurso do cuadrimestre e deberá prepararse axeitadamente.
